

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA
DE 29 DE SETEMBRO DE 2022 (2)

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00043840X.

Ratificación da urxencia da convocatoria.

Ratifícase a urxencia da presente convocatoria.

2. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: 2022/00043801V.

Aprobación da solicitude de axudas do Plan estatal de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía para executar o proxecto de transformación modal do eixo de entrada á cidade a través das rúas Restollal e Amor Ruibal

Acórdase:

Primeiro.- Participar na segunda convocatoria en concorrencia competitiva de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación sostible e dixital do transporte público urbano do ano 2022, e aceptar expresamente o procedemento regulado pola Orde TMA/892/2021, do 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Segundo.- Aprobar as proposta do proxecto presentado e as dotacións financeiras propostas para levalas a cabo.

Terceiro.- Comprometerse a dispoñer dos recursos tanto técnicos como financeiros necesarios para garantir o mantemento e operación da actuación subvencionada tras a súa posta en marcha e durante polo menos o primeiros catro (4) anos de actividade.

Cuarto.- Comprometerse a ter implantada no municipio unha Zona de Baixas Emisións en 2023, sen prexuízo do cumprimento dos prazos establecidos na Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética”.